PRIMEIRO.- ESTIMAR O RECURSO DE REPOSICIÓN presentado polo Sr. Manuel Vidal García en escrito rexistrado de entrada na data 13 de setembro de 2017, (Rex. 14.676), **RESPECTO AO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 3 DE AGOSTO DE 2017 POLA QUE SE DECLARA A CADUCIDADE DA LICENZA DE OBRA Nº 267/05** concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 26 de maio de 2005, modificada pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada na data 6 de outubro de 2011, ao Sr. Manuel García Sieira, para construción de vivenda unifamiliar de planta sótano, planta baixa, planta primeira, e planta baixocuberta, en parcela con refª catstral nº 1028510NH0112N0001MS sita no lugar do Paseo de Coroso s/n, Riveira, **ANULANDO A DECLARACIÓN DE CADUCIDADE e CONCEDER A LICENZA DE LEGALIZACIÓN DE OBRA** nos termos do Proxecto de Legalización de Obras visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 29 de maio de 2018 redactado polo Sr. Manuel González González, (arquitecto col. nº 3.145):

- *Deberá presentar Certificado de Fin de Obra cos preceptivos visados colexiais, para obter a licenza de primeira ocupación.*

SEGUNDO.- PROCEDER AO ARQUIVO DO EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA DU 10/17 en base á legalización de obra respecto dos cambios de uso de locais e distribucións que motivaron a incoación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

TERCEIRO.- NOTIFICAR aos interesados isto é o Sr.Manuel García Sieira e o Sr. Manuel Vidal Suárez.





2.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA 11/17.

POSIBLES FEITOS IMPUTADOS: Desenvolvemento de actividade cun nivel de emisión sonora elevado, incumprindo os límites legais en materia de protección contra a contaminación acústica establecidos na lexislación en materia de protección contra a contaminación acústica en vigor.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado con aplicación da Ordenanza 1ª Residencial Intensiva Colectiva de Manzana.

REFª CATASTRAL: 0815603NH0101N.

SITUACIÓN: Rúa Diego Delicado nº 4, Baixo, Riveira.

INTERESADO/A - PRESUNTO/A RESPONSABLE DENUNCIADO/A: Sr. José Rafael Maroñas Hombre, (establecemento de hostalaría denominado "Lusco Fusco").

INTERESADO/A - DENUNCIANTE: Sr. José Antonio Nóvoa Romay.

ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN: A Xunta de Goberno Local de conformidade co Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Por Decreto de Alcaldía de data 24 de maio de 2002 concedeuse ao Sr. José Rafael Maroñas Hombre licenza de actividade definitiva, expediente de apertura de referencia 15/2001, para cafetería dunha taza en local sito en parcela con refª catastral nº 0815603NH0101N na Rúa Diego Delicado nº 4, Baixo, Riveira.

SEGUNDO.- Posteriormente iniciouse expediente de cambio de titularidade instruído a instancia do Sr. Óscar Miguel Rodríguez Lema expediente de referencia 40/2013, no que se acordou declarar a conclusión do expediente polo desistimento na solicitude presentada polo interesado mediante Decreto de Alcaldía de data 11 de febreiro de 2014.

TERCEIRO.- En relación ao funcionamento de dita actividade o Sr. José Antonio Nóvoa Romay presenta en escritos rexistrados de entrada na data 4 de maio de 2017, (Rexistro de entrada nº 7.278), na data 19 de maio, (Rexistro de entrada nº 8.144), na data 15 de xuño de 2017, (Rexistro de entrada nº 10.345), denuncias relativas a molestias na súa vivenda por ruído procedentes de dito local.

Asimesmo o Sr. José Antonio Nóvoa Romay presenta en escritos rexistrados de entrada na data 17 de xullo de 2017, (Rexistro de entrada nº 12.327), informe técnico de medicións acústicas emitido pola empresa CENTRO DE ESTUDIOS TÉCNICOS Y ACÚSTICOS S.L. incluída no Rexistro de Laboratorios de Ensaio e Control na Edificación da Xunta de Galicia (LECCE) (número L-15-055-DR), no ámbito de control acústico de data 8 de xuño de 2017, a raíz das medicións efectuadas na data do 2 de xuño de 2017.

CUARTO.- En relación as denuncias anteriormente mencionadas o Técnico Municipal de Medio Ambiente Sr, Ignacio L. Fernández Veiga emite informe técnico na data 21 de xullo de 2017 co seguinte tenor literal:

“

(...)

INFORME DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

REFª.: 17PA002
ASUNTO: DENUNCIAS PRESENTADAS POR JOSÉ ANTONIO NÓVOA ROMAY RELATIVAS A MOLESTIAS NA SÚA VIVENDA POR RUÍDOS PROCEDENTES, PRINCIPALMENTE, DUN ESTABLECEMENTO DE HOSTALERÍA LINDEIRO

ANTECEDENTES

Escrito presentado por José Antonio Nóvoa Romay ante a Xefatura da Policía Local do Concello de Riveira, de data 3 de maio de 2017 (escrito con data do 4 de maio de 2017, entrada núm. 1.050), mediante o que expón os problemas de ruídos que padece na súa vivenda debido a usos e actividades no contorno, e solicita: *“Que tenga en cuenta la presente denuncia, y se ordene y comunique a propietario y arrendatario, respectivamente, de la industria consistente en bar restaurante denominado Lusco Fusco, o anteriormente Faro de Alejandría, sito en la planta baja de la calle Diego Delicado, el cese inmediato y absoluto de las molestias ocasionadas por la actividad de dicho negocio en la vivienda de este denunciante por ruidos generadores de contaminación acústica, que tienen carácter permanente y sobrepasan lo soportable, constituyendo una injerencia o intromisión inadmisible y no permitida, que justifica el cese inmediato de las molestias ocasionadas por dichas conductas. / Que se apremie a insonorizar dicho local y que no sobrepase la normativa municipal de ruido en sus actividades interiores y exteriores, tanto de personas abandonando el local a la hora de cierre, como de instalación y recogida de terrazas.”*

Escrito presentado por José Antonio Nóvoa Romay no Rexistro Xeral do Concello, de data 15 de maio de 2017 (escrito con data do 19 de maio de 2017, entrada núm. 8.144), mediante o que reitera os problemas de ruídos que padece na súa vivenda debido a usos e actividades no contorno, detalla os problemas concretos nas datas do 7 e do 14 de maio de 2017 cos locais denominados Lusco Fusco, Balado e outros descoñecidos, así como por alborotadores na rúa, e solicita: *“Que tenga en cuenta la presente denuncia, y se ordene y comunique a propietarios y arrendatarios de las industrias consistentes en bares sitos en la calle Diego Delicado y Plaza de Vigo, advertidos por la Policía Local en numerosas ocasiones por infringir la normativa de contaminación acústica de forma recalcitrante, el cese inmediato de la actividad o, en su caso, el precintado de las instalaciones. / Que, de permitirse el funcionamiento de las mencionadas industrias, se apremie a insonorizar dichos locales y que no sobrepase la normativa municipal de ruido en sus actividades interiores y exteriores, tanto de personas abandonando el local a la hora de cierre, como de instalación y recogida de terrazas. / Que se dispongan medidas conducentes a impedir el uso y abuso nocturno de equipos reproductores de música y la acción perturbadora de alborotadores callejeros descontrolados en la Plaza de Vigo y las calles aledañas.”*

Oficio remitido pola Policía Local do Concello de Riveira ao Servizo de Medio Ambiente, de data 22 de maio de 2017 (saída da Policía Local núm. 678), mediante o que achegan comparecencia efectuada por José Antonio Nóvoa Romay relativa aos problemas de ruídos que vén padecendo na súa vivenda procedentes dunha vivenda lindeira, localizada enriba do establecemento de hostalería denominado “Lusco Fusco”.

Oficio remitido pola Policía Local do Concello de Riveira ao Servizo de Medio Ambiente, de data 29 de maio de 2017 (saída da Policía Local núm. 715), mediante o que achegan denuncia efectuada por José Antonio Nóvoa Romay relativa aos problemas de ruídos que vén padecendo na súa vivenda procedentes dunha vivenda lindeira, localizada no edificio coñecido como “Cine Vello”, onde se localiza o establecemento de hostalería denominado “Lusco Fusco”.

Escrito presentado por José Antonio Nóvoa Romay no Rexistro Xeral do Concello, de data 29 de maio de 2017 (escrito con data do 30 de maio de 2017, entrada núm. 8.931), mediante o que reitera os problemas de ruídos que padece na súa vivenda debido a usos e actividades no contorno, detalla os problemas concretos padecidos na data do 28 de maio de 2017 cos locais denominados Lusco Fusco e Balado, así como por alborotadores na rúa, e fai unha solicitude nos mesmos termos que a realizada no escrito de data 15 de maio de 2017 (escrito con data do 19 de maio de 2017, entrada núm. 8.144).





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Escrito presentado por José Antonio Nóvoa Romay no Rexistro Xeral do Concello, de data 12 de xuño de 2017 (escrito con data do 15 de xuño de 2017, entrada núm. 10.345), mediante o que reitera os problemas de ruídos que padece na súa vivenda debido a usos e actividades no contorno, detalla os problemas concretos padecidos nas datas do 2, 3, 4, 10 e 11 de xuño de 2017 pola actividade do local denominado “Lusco Fusco”, e polo ruído procedente da praza de Vigo, posiblemente do bar denominado “Balado”, así como por alborotadores, e fai unha solicitude en termos similares ás realizadas nos escritos de datas 15 de maio de 2017 (escrito con data do 19 de maio de 2017, entrada núm. 8.144), e 29 de maio de 2017 (escrito con data do 30 de maio de 2017, entrada núm. 8.931).

Proposta de gasto efectuada polo Servizo de Medio Ambiente para efectuar unha medición acústica na vivenda de José Antonio Nóvoa Romay, con comprobación de superación de niveis acústicos máximos previstos na normativa aplicable, identificación das fontes que causan o ruído, e emisión de informe técnico. O mencionado gasto foi aprobado en data 30 de xuño de 2017.

Escrito presentado por José Antonio Nóvoa Romay no Rexistro Xeral do Concello, de data 17 de xullo de 2017 (entrada núm. 12.327), mediante o que reitera os problemas de ruídos que padece na súa vivenda debido, principalmente, á actividade de hostalería lindeira, denominada “Lusco Fusco”, achega informe técnico de medicións acústicas emitido pola empresa Centro de Estudios Técnicos y Acústicos, S.L., incluída no rexistro de Laboratorios de Ensaio e Control na Edificación da Xunta de Galicia (LECCE) (núm. L-15-055-DR), no ámbito do control acústico, de data 8 de xuño de 2017, a raíz das medicións efectuadas na data do 2 de xuño de 2017. E solicita: *“Que, teniendo por presentada esta instancia y por hechas las manifestaciones en ellas contenidas, se sirva establecer las medidas cautelares oportunas para impedir la persistente infracción del titular de la actividad molesta, así como las acciones que correspondan para comprobar de forma exhaustiva el cumplimiento de las condiciones de licencia urbanística y de actividad que autorizan la apertura y funcionamiento del local colindante con mi vivienda denominado Lusco Fusco, y encontrar una solución definitiva a este problema satisfaciendo los requisitos que establecen la legislación de las actividades molestas, insalubres, nocivas y peligrosas y la legislación de ruido.”*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións do Concello de Riveira (BOP núm. 237, de data 15 de outubro de 1996)
- Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións do Concello de Riveira (BOP núm. 57, do 11 de marzo de 2005)
- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído
- Real Decreto 1513/2005, do 16 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente á avaliación e xestión do ruído ambiental
- Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas
- Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS

Establece o artigo 16 da *Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións* en vigor (en adiante *Ordenanza municipal*), en relación co control municipal do cumprimento, o seguinte: (...) 3.- *Unha vez iniciada a actividade ou postas en funcionamento as instalacións, tamén poderán realizarse inspeccións para comprobar que as actividades ou instalacións cumpren a normativa. Como consecuencia destas inspeccións, poderán incoarse os correspondentes expedientes sancionadores ou ben acordar medidas correctoras ou de control. As comprobacións ás que se refire este parágrafo estarán rexidas polo disposto na lexislación ambiental de Galicia.*

Establecen as disposicións transitorias da *Ordenanza municipal*, o seguinte: *“Primeira.- Aquelas actividades ou instalacións que superen os niveis máximos de ruídos e vibracións previstos na presente Ordenanza, disporán dun prazo máximo de doce meses para adaptar os establecementos co*





fin de garantir en todo caso o respecto aos niveis autorizados. / En todo caso, as actividades e instalacións existentes deberán cumprir as esixencias de funcionamento establecidas con anterioridade á entrada en vigor da Ordenanza e as condicións que taxativamente establece a licenza.

Segunda.- Os establecementos públicos con licenza de actividade e instalación outorgada con anterioridade á entrada en vigor da mencionada Ordenanza, adaptaranse ao disposto no articulado da mesma nos casos seguintes:

a. Cando se realicen modificacións, ampliacións ou reformas que excedan ás obras de mera hixiene, ornato ou conservación.

b. Cando se tramite a licenza dos establecementos cun illamento inferior en máis de 5 dBA ao esixido nesta Ordenanza.

c. Cando así se imponha como esixencia para reapertura dos establecementos clausurados por incumprimento dos niveis fixados na Ordenanza e conforme ao procedemento establecido no Título V.”

Efectuada consulta na base de datos do negociado de aperturas cómpre salientar que o establecemento de hostalería obxecto das reiteradas denuncias efectuadas por José Antonio Nóvoa Romay, actualmente denominado “Lusco Fusco”, conta con licenza municipal de actividade para Cafetería, expediente de apertura de referencia 15/2001, outorgada a José Rafael Maroñas Hombre, de data 24 de maio de 2002. Consta en arquivo expediente de cambio de titularidade instruído a instancia de Óscar Miguel Rodríguez Lema, expediente de referencia 40/2013, no que se acordou declarar a conclusión do expediente polo desistimento na solicitude presentada polo interesado mediante Decreto de data 11 de febreiro de 2014.

Con respecto á normativa acústica en vigor aplicable na data de outorgamento da licenza de apertura, 24 de maio de 2002, cómpre reflectir o que establecía o artigo 24 da Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruidos e vibracións do Concello de Riveira (BOP núm. 237, de data 15 de outubro de 1996): “1. As actividades dedicadas ao uso de establecemento público, ademais do cumprimento das prescricións establecidas neste Título con carácter xeral, adoptarán as seguintes medidas:

- Instalación de Chan Flotante se o chan do establecemento asenta sobre un forxado, dispoñendo libre o espazo inferior. Cando o chan do establecemento asente sobre terreo firme, admitirase a desolidarización do paramento horizontal dos verticais, especialmente os piares.

- Instalación de Dobre Parede Lateral flotante e desolidarizada.

- Instalación dun Teito Acústico desconectado mecanicamente do forxado da prancha inmediatamente superior.

2. Estas instalacións garantirán, respecto á vivenda máis afectada pala actividade, os seguintes illamentos mínimos:

- Para os establecementos dedicados a actividades de Bares, Cafés, Restaurantes: R 60 dB (A).

- Para os establecementos dedicados a actividades de Bingos, Pubs, Wiskerías, Clubs: R 68 dB (A).

- Para os establecementos dedicados a actividades de Discotecas: R 75 dB (A).

3. Non serán esixibles os requisitos establecidos nos dous apartados precedentes, a aqueles establecementos do grupo primeiro do apartado 2 anterior, dos que o horario de funcionamento sexa exclusivamente o comprendido entre as 8 e as 22 horas e dos que os aparatos musicais sexan unicamente radio, televisión e fío musical, cun nivel de emisión interno (N.E.I.) máximo de 75 dB (A). En calquera caso, nestes supostos os establecementos dispoñerán dun illamento mínimo a ruído aéreo de 50 dB (A). (...)”

INFORME DE MEDICIÓN ACÚSTICA

O denunciante achegou un informe acústico emitido pola entidade Centro de Estudos Técnicos y Acústicos, S.L., incluída no rexistro de Laboratorios de Ensaio e Control na Edificación da Xunta de Galicia (LECCE) (núm. L-15-055-DR), no ámbito do control acústico, de data 8 de xuño de 2017.

As entidades incluídas no LECCE son sometidas á verificación, control e inspección do Instituto Galego da Vivenda e Solo, órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia nesa materia.





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

O informe achegado conclúe o seguinte: *“En este informe se recogen los resultados de las mediciones realizadas el 2 de junio de 2017 en la vivienda sita en C/ General Espartero, 17 – 1º C.*

El objetivo es comprobar si los niveles de ruido generados por el café bar “LUSCOFUSCO”, transmitidos a los dormitorios de la vivienda, cumplen los límites fijados en la normativa en vigor en materia de protección contra la contaminación acústica.

Se toma como referencia la legislación estatal, autonómica y local en materia de protección contra la contaminación acústica.

Se evalúa el cumplimiento legislativo de la actividad en las franjas horarias en las que tiene lugar (día -7:00 h – 19:00 h, tarde -19:00 – 23:00 h y noche -23:00 – 7:00 h).

Los niveles sonoros transmitidos por la actividad evaluada (café bar “LUSCOFUSCO”), medidos en recintos protegidos (dormitorios) de la vivienda afectada, son superiores a los límites de recepción fijados en la legislación estatal, autonómica y local de aplicación para todos los periodos analizados (día, tarde y noche).

Es importante destacar que el impacto acústico es mucho mayor durante el período noche, durante el cual en el café bar se emite música a tal intensidad que el nivel sonoro transmitido a la vivienda está en los 44 y 46 dB(A), 20 dB por encima del límite fijado para esta franja horaria en la legislación vigente.

Por todo ello, se concluye que el café bar “LUSCOFUSCO”, situado en C/ Diego Delicado, 4, Riveira, NO CUMPLE los requisitos legales, en materia de protección contra la contaminación acústica, establecidos en la legislación en materia de protección contra la contaminación acústica en vigor.”

Do exposto no informe e das consideracións legais e técnicas efectuadas dedúcese o seguinte:

1. A actividade funciona cun nivel de emisión sonora elevado.
2. Os niveis sonoros transmitidos á vivenda do denunciante son superiores aos límites máximos fixados na lexislación aplicable en materia de protección contra a contaminación acústica (*Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro*).
3. O impacto acústico é moito maior durante o período noite.
4. De conformidade co establecido no artigo 24.2 da *Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruidos e vibracións do Concello de Riveira (BOP núm. 237, de data 15 de outubro de 1996)*, norma de referencia en materia de protección contra a contaminación acústica na data de concesión da licenza de apertura do establecemento, as instalacións e medidas de protección acústica recollidas no artigo 24.1 garantirán, respecto á vivenda máis afectada pola actividade, os seguintes illamentos mínimos: *“(…) - Para os establecementos dedicados a actividades de Bares, Cafés, Restaurantes: R 60 dB (A). (…)”*
5. No caso de que no establecemento se tivesen realizado modificacións, ampliacións ou reformas que excedan ás obras de mera hixiene, ornato ou conservación serán de aplicación as condicións previstas na *Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruidos e vibracións do Concello de Riveira (BOP núm. 57, do 11 de marzo de 2005)*, e os niveis de illamento serán os previstos en función do

PROPOSTA DE ACTUACIÓN

Atendendo ao exposto, propoño a adopción das seguintes medidas:

Primeira. Peche temporal do establecemento por incumprimento dos requisitos legais en materia de protección contra a contaminación acústica establecidos na lexislación en materia de protección contra a contaminación acústica en vigor, segundo conclusións do informe emitido pola entidade Centro de Estudos Técnicos y Acústicos, S.L., incluída no rexistro de Laboratorios de Ensaio e Control na Edificación da Xunta de Galicia (LECCE) (núm. L-15-055-DR), de data 8 de xuño de 2017. En base ao informe, o nivel sonoro transmitido á vivenda é aproximadamente 20 dB superior ao límite fixado para a franxa horaria nocturna na lexislación vixente.

Segunda. Realización de medicións acústicas con respecto ao establecemento, complementarias ás recollidas no informe achegado polo denunciante, co fin de determinar en informe técnico: niveis de illamento acústico, niveis de illamento e medidas de protección contra ruído de impacto, medidas de





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

control/limitación do nivel sonoro emitido, e análise do grao de adecuación á normativa aplicable. Cómpre efectuar estas comprobacións co obxecto de especificar no correspondente expediente as medidas correctoras que debe adoptar o titular para adaptar o establecemento á lexislación aplicable. Existe proposta de gasto aprobada para efectuar as medicións acústicas necesarias.

Terceira. Comprobación por parte dos servizos técnicos municipais da adecuación do establecemento ás condicións de outorgamento da licenza de apertura (superficie, distribución, medidas de protección...), segundo documentación técnica obrante no expediente de apertura de referencia 15/2001. Resulta de interese de cara a determinar se resulta de aplicación o establecido na disposición transitoria segunda da *Ordenanza municipal*, xa que os establecementos públicos con licenza de actividade e instalación outorgada con anterioridade á entrada en vigor da mencionada *Ordenanza*, se deberán adaptar ao disposto no articulado da mesma cando se realicen modificacións, ampliacións ou reformas que excedan ás obras de mera hixiene, ornato ou conservación.

Cuarta. Dar traslado do asunto e das actuacións previstas á Policía Local para incrementar o control sobre outros focos de emisión sonora referidos nas denuncias: vivendas lindoiras, alborotadores na rúa, terrazas na rúa...

QUINTO.- Asimesmo en relación as denuncias anteriormente mencionadas o Arquitecto Técnico Municipal Sr. Jesús García Ramos tras xirar visita de comprobación ao local de referencia emite informe técnico na data 26 de xullo de 2017 co seguinte tenor literal:

“
(...)

INFORME VISITA DE COMPROBACIÓN DE LOCAL DESTINADO A CAFÉ BAR

DENUNCIANTE	JOSÉ ANTONIO NOVOA ROMAY
LOCAL	LUSCO FUSCO
SITUACIÓN	C/ Diego Delicado, 6 – Sta. Uxía.
FECHA LICENCIA	24/5/2002

Autor informe: Jesús García Ramos, - Aparejador Municipal

Se emite el presente informe a solicitud de este Ayuntamiento con la finalidad de comprobar el estado del local y su ajuste a las condiciones de licencia municipal de actividad.

COMPROBACIÓN DOCUMENTAL

Consultados los archivos municipales se comprueba que consta licencia municipal para actividad de cafetería, expediente Nº 15/2001 resuelto el 24/5/2002.

Consta proyecto técnico de habilitación de local redactado por Severo Nieto Oliveira de fecha Abril 2001 visado COAAT AC.

VISITA DE INSPECCIÓN

Se visita el local el día miércoles, 26 de julio de 2017.

Se comprueba que el local se adecúa al proyecto técnico de habilitación de local redactado por Severo Nieto Oliveira de fecha Abril 2001 visado COAAT AC.

Riveira a miércoles, 26 de julio de 2017

Fdo: Jesús García Ramos
Aparejador municipal

(...)
“





SEXTO.- Consta informe técnico de medicións acústicas emitido pola empresa pola CENTRO DE ESTUDIOS TÉCNICOS Y ACÚSTICOS S.L. incluída no Rexistro de Laboratorios de Ensaio e Control na Edificación da Xunta de Galicia (LECCE), no ámbito de control acústico na data 2 de agosto de 2017, a raíz das medicións efectuadas na data 1 de agosto de 2017 no que fan constar que:

“
(...)

Por tanto, el forjado del establecimiento LUSCO FUSCO **NO CUMPLE** el nivel mínimo de aislamiento fijado en la legislación vigente.”

OITAVO.- Como consecuencia do anterior, por Decreto de Alcaldía de data 3 de agosto de 2017 incoábase expediente de reposición da legalidade urbanística DU 11/17 e ordenábase a súa instrucción de conformidade co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxecto de que, previa audiencia do interesado, se adopte algún dos acordos dispostos no artigo 152.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia, e no artigo 382 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

NOVENO.- A notificación do citado Decreto practicouse ao Sr. José Rafael Maroñas Hombre, (establecemento de hostalaría denominado “Lusco Fusco”) e ao Sr. José Antonio Nóvoa Romay na data 4 de agosto de 2017.

DÉCIMO.- En cumprimento do disposto no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, na notificación do Decreto de inicio do expediente de reposición da legalidade, emprazouse aos interesados para o trámite de audiencia.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Notificado este emprazamento O Sr. José Rafael Maroñas Hombre presenta escrito no que solicita ampliación de prazo para presentar alegacións.

A data da emisión do presente informe non se aportou ao expediente xustificación algunha sobre o cumprimento da normativa existente sobre contaminación acústica de Galicia.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela onde se atopa o local no que desenvolve a actividade clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO** con aplicación da **ORDENANZA 1ª RESIDENCIAL INTENSIVA COLECTIVA DE MANZANA**, “comprendendo esta ordenanza as áreas de solo con densidade de poboación alta, destinadas para o uso residencial na súa forma de vivenda colectiva con plantas baixas destinadas ao uso terciario e sótanos a aparcamento.”

SEGUNDO.- Os feitos anteriormente sinalados considéranse unha infracción do establecido no artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, polo que de conformidade co disposto nos artigos 151, 152 e 153 da devandita lei, procede a **inmediata paralización da obra e dispoñer a incoación do expediente de reposición da legalidade** comunicándollo ao interesado.





TERCEIRO.- Así visto o artigo 152.1 da devandita Lei que establece que cando se estea realizando algún acto de uso do solo ou do subsolo sen o título habilitante exixible en cada caso ou sen axustar ás condicións sinaladas nela, a persoa titular da alcaldía dispoñerá a suspensión inmediata dos devanditos actos e procederá a incoar o expediente de reposición da legalidade, comunicándolo ao interesado.

2.- Co acordo de suspensión adoptaranse as medidas cautelares necesarias para garantir a total interrupción da actividade, tales como o precintado das obras, a retirada de materiais e maquinaria, a suspensión de suministros ou execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas por importe de 1.000 a 10.000 euros, reiterables ata conseguir o cumprimento da orde de paralización, e calquera outra medida que sea conveniente en pro da efectividade da suspensión.

3.- Instruído o expediente de reposición da legalidade e previa audiencia do interesado, adoptaranse algún dos seguintes acordos:

a) Si as obras no foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordaranse a súa demolición e, no seu caso, a reconstrucción do indebidamente demolido, a custa do interesado. Si os usos no foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordaranse a cesación dos mesmos.

b) Si as obras ou os usos puidieran ser legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico, requirírase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non fora otorgada ou non se presentase a comunicación previa. En caso de que se denegue la licenza o no se cumplan os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase a demolición das obras a custa do interesado, procedéndose a impedir definitivamente os usos a que hubiesen dado lugar.

c) Si as obras ou os usos non se axustasen ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenarase á persoa interesada que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres a petición da mesma, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras que haxa que realizar o xustifique.

Si, transcorrido o prazo sinalado, o obrigado non houbera axustado as obras ou os usos ás condicións do título habilitante, ordenarase a demolición das obras ou a cesación dos usos a custa do interesado.

4.- Co acordo que poña fin ao expediente de reposición da legalidade urbanística poderán adoptarse as medidas que se estimen precisas para garantir a executividade da resolución, sin perxuício da imposición das sancións que procedan e das facultades que correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión a que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo.

5.- O procedemento ao que se refire o número anterior deberá resolverse no prazo dun ano, contado desde a data do acordo de iniciación.

6.- No caso de incumprimento da orde de cesación de usos, de demolición ou de reconstrucción do indebidamente demolido, a administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables ata lograr polo suxeito obrigado, na contía de 1.000 a 10.000 € casa unha.

CUARTO.- Establece o artigo 382 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia o fin do procedemento de reposición da legalidade urbanística do seguinte modo:

1.- Instruído o expediente de reposición da legalidade e logo da audiencia do interesado, adoptaranse algún dos seguintes acordos, que deberán detallar con claridade e precisión o seu obxecto:

a) Se as obras ou os usos non son legalizables por seren incompatibles co





ordenamento urbanístico, acordaranse as medidas correspondentes para restaurar a realidade física alterada e a orde xurídica vulnerada á custa do interesado:

1º. A demolición das obras executadas.

2º. De ser o caso, a reconstrución do indebidamente demolido. No suposto de que a demolición afectase a un edificio ou construción obxecto de protección pola lexislación en materia de patrimonio cultural, a reconstrución, cando proceda, deberá someterse ás normas establecidas para a conservación, restauración e mellora que lle sexan de aplicación na súa lexislación específica.

3º. A reposición dos terreos ao seu estado inicial.

4º. O cesamento da subministración dos servizos ou a prohibición da súa contratación.

5º. A prohibición da primeira utilización e ocupación dos edificios e das construcións.

6º. A execución das obras necesarias para impedir os usos ilegais.

7º. Se os usos non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a cesación deles.

b) Se as obras ou os usos poden ser legalizables por seren compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase o interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non sexa outorgada ou non se presente a comunicación previa. Para o caso de que se denegue a licenza ou non se cumpran os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase a demolición das obras á custa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos aos que desen lugar (artigo 152.3.b) da LSG).

c) Se as obras ou os usos non se axustan ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenaráselle á persoa interesada que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres por petición desta, sempre que a complexidade técnica ou a envergadura das obras que haxa que realizar o xustifique.

Se, transcorrido o prazo sinalado, o obrigado non axustase as obras ou os usos ás condicións do título habilitante, ordenarase a demolición das obras ou a cesación dos usos á custa do interesado (artigo 152.3.c) da LSG).

2.- Co acordo que poña fin ao expediente de reposición da legalidade urbanística poderanse adoptar as medidas que se consideren precisas para garantir a executividade da resolución, sen prexuízo da imposición das sancións que procedan e das facultades que lles correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión ao que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo (artigo 152.4 da LSG).

3.- As ordes de restitución deberán cumprirse no prazo que se determine na resolución do expediente administrativo que, con carácter xeral, non será superior a tres meses.

Non obstante, cando a restitución da legalidade urbanística presente unha especial dificultade técnica, apreciada polo órgano competente, o prazo anterior poderá ampliarse ata nove meses. Asemade, e nestes mesmos supostos de especial dificultade técnica, o órgano administrativo está facultado para solicitar a achega dun proxecto técnico en que se reflectan as medidas de restauración que se propoñen realizar, así como as autorizacións sectoriais que sexan exixibles.

Presúmese que concorre especial dificultade técnica para a restitución da legalidade nos grandes movementos de terra, nas explanacións de grandes dimensións, na extracción de áreas e na clausura de explotacións mineiras.

4.- O procedemento ao que se refire o número 2 deste artigo deberá resolverse no





prazo dun ano, contado desde a data do acordo de iniciación (artigo 152.5 da LSG).

O prazo indicado poderá suspenderse nos supostos legalmente previstos e, transcorrido este que se teña notificado a resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento.

Vistos os antecedentes obrantes no expediente, vistas as denuncias e o informe técnico de medicións acústicas emitido pola empresa CENTRO DE ESTUDIOS TÉCNICOS Y ACÚSTICOS S.L. incluída no Rexistro de Laboratorios de Ensaio e Control na Edificación da Xunta de Galicia (LECCE) (número L-15-055-DR), no ámbito de control acústico na data 2 de agosto de 2017, a raíz das medicións efectuadas na data 1 de agosto de 2017, visto o informe emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente Sr. Ignacio L. Fernández Veiga na data 21 de xullo de 2017, visto o informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Sr. Jesús García Ramos na data 26 de xullo de 2017, en virtude da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e as demais disposicións aplicables, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 26/07/2018, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar que a actividade e actuacións que se realizan no establecemento de hostalaría denominado “Lusco Fusco” sito na Rúa Diego Delicado nº 4, Baixo, Riveira en parcela con refª catastral nº 0815603NH0101N, do que é titular o Sr. José Rafael Maroñas Hombre, incumpre os requisitos legais en materia de protección contra a contaminación acústica establecidos na lexislación en materia de protección contra a contaminación acústica en vigor, polo que procede **ORDENAR O PECHE DEFINITIVO DO ESTABLECIMENTO E SUSPENSIÓN DA ACTIVIDADE DE MODO DEFINITIVO.**

SEGUNDO.- Apercibir aos obrigados de que no caso de incumprimento da orde de peche definitivo do establecemento de hostalaría, procederase á súa execución subsidiaria ou á súa execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha, conforme ao disposto polo artigo 152 da LSG, ponendo asimesmo os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal aos efectos de esixencia das responsabilidades de orde penal en que pudieran incurrir os infractores, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución aos interesados entendo como tal ao Sr. José Rafael Maroñas Hombre, (establecemento de hostalaría denominado “Lusco Fusco”) e ao Sr. José Antonio Nóvoa Romay.

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Visto o escrito presentado por **Juan José Pérez Cerecedo**, de data 16/07/2018 (Rexistro de entrada nº 10.707), no que solicita certificación de que non existe expediente de reposición de legalidade urbanística de parcela situada no Lugar de Cruce, nº 13, Carreira.





A Xunta de Goberno Local, visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 20/07/2018, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración infórmase que non consta pendente de resolver ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á finca con refª catastral nº 15074A014005560000KW sita no Lugar de cruce nº 13, Carreira, Riveira.

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓN.

1.- Visto o escrito presentado por **José Eugenio Millán Muñiz**, de data 06/03/2018 (Rexistro de entrada nº 2.934), no que solicita lle sexan sufragados os gastos ocasionados pola rotura das gafas ao bater a porta do vehículo municipal a causa dun forte vento, cando se atopaba practicando unha notificación en Corrubedo, o día 10/01/2018.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

1.- Autorizar o pago gasto derivado da substitución das gafas (montura e vidros) a José Eugenio Millán Muñiz, por mor a que os feitos ocurriros foron ocasionados por un accidente no exercicio das súas funcións dentro da xornada laboral.

2.- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario acctal., dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle

